



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

ANUNCIO

BOSL - CONTRATACIÓN DUN OPERARIO DO SERVIZO DE LIMPEZA AO ABEIRO DA BOLSA DE TRABALLO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE OPERARIOS DO SERVIZO DE LIMPEZA APROBADA POR DECRETO DA ALCALDÍA DE DATA 25/06/2020.

DATA DE PUBLICACIÓN NO TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO: 2 DE XULLO DE 2020.

A Alcaldía ditou en data 2 de xullo de 2020, o decreto que a continuación se transcribe:

“DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: BOSL - CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL BAIXO A MODALIDADE CONTRACTUAL DE SUBSTITUCIÓN, ART. 15 C) DO REAL DECRETO LEXISLATIVO 2/2015, DO 23 DE OUTUBRO, POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DA LEI DO ESTATUTO DOS TRABALLADORES, DE D. FLORINDO LEMA MARTÍNEZ, COMO OPERARIO DO SERVIZO MUNICIPAL DE LIMPEZA VIARIA EN SUBSTITUCIÓN DE D.P.M.

EXPEDIENTE: 2020/E001/000004

Visto que mediante o Decreto desta Alcaldía 282/2020, de data 25/06/2020, aprobouse a creación dunha bolsa de traballo cuxo obxecto é permitir cubrir de acordo coas necesidades do servizo, mediante a contratación laboral temporal que en cada caso corresponda, os postos de operario do servizo municipal de limpeza viaria (grupo de programa 163 do anexo de persoal laboral fixo e temporal do Orzamento do Concello) con motivo de vacacións, licenzas, permisos, situacións de incapacidade temporal, ou calquera outra situación de insuficiencia de persoal que determinen a necesidade da utilización desta bolsa de conformidade co previsto no Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores e Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto de Emprego Público e demais normativa aplicable.

Considerando que no servizo de limpeza viaria estase a producir neste momento unha situación de insuficiencia de persoal, eventualidade esta que xustificou no seu día a formación da devandita bolsa.

Visto que dita insuficiencia se concreta en que dous/dúas traballadores/as adscritos ao servizo se encontran neste momento en situación de incapacidade temporal.

Considerando que o servizo de limpeza viaria é un servizo de carácter esencial que non pode deixarse de prestarse en ningún momento, debendo manterse sempre na súa prestación uns stándares mínimos de calidade e eficacia e que o mesmo non se pode/debe ver afectado polas ausencias/insuficiencias do persoal adscrito.

Considerando que a situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19 obriga a adoptar medidas excepcionais polas administracións, neste caso polo Concello, para garantir a saúde pública e a seguridade da poboación.

Considerando, pois, que resulta máis imprescindible e obrigado ca nunca garantir a limpeza viaria, como unha forma de asegurar, como xa se dixo, a saúde e salubridade pública.

Considerando que a contratación dun traballador/a contribuirá a unha mellor e correcta prestación deste servizo esencial.

Considerando que o art. 15.c) do Real Decreto Lexislativo 2/2015, establece que: *“Poderán celebrarse contratos de duración determinada nos seguintes supostos: .../ c) Cando se trate de substituír a traballadores con dereito a reserva do posto de traballo,*



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

sempre que no contrato de traballo especificácese o nome do substituído e a causa de substitución. “.

Considerado, pois, que procede formalizar o oportuno contrato de traballo ao amparo do artigo anteriormente citado, sendo a traballadora substituída D.P.M e a causa da substitución a situación de incapacidade temporal desta.

Visto que segundo se deriva do expediente se ten dado cumprimento ao establecido nas bases reguladoras da creación dunha bolsa de traballo para a contratación laboral temporal de operarios do servizo de limpeza, base 10ª “funcionamento da bolsa”, no referente ao procedemento de chamamento e aceptación polo interesado.

Visto, pois, que de conformidade coa base 10ª e 11ª procede formalizar o correspondente contrato de traballo con D. Florindo Lema Martínez.

Advírtese pola secretaría municipal: 1º.- Que non consta no expediente que o Sr. Lema Martínez teña sido convocado a realización do exame médico ao que se refire a base 11ª e moito menos que teña superado o mesmo. 2º.- Que ditos feitos/omisión de trámites supoñen un incumprimento total e absoluto das normas que rexen o funcionamento da bolsa. 3º.- Que do devandito incumprimento se deriva que se podan ver afectados os dereitos/ intereses dos restantes aspirantes; 4º.- Que con esta omisión se está a perverter por completo o sistema de funcionamento da bolsa, pois no caso de que o aspirante non superase o exame médico debería quedar excluído da mesma, sen prexuízo das excepcións previstas na base 11ª e 5ª.- Que, en conclusión, esta actuación resulta completamente arbitraria, contraria a dereito e, no seu caso, lesiva para os dereitos/intereses dos restantes integrantes da listaxe.

Non obstante esta Alcaldía considera que resulta urxente e inaprazable que se proceda a citada contratación por razóns de salubridade e saúde pública polo que non pode esperarse ao resultado do exame médico ao que xa foi sometido o Sr. Lema Martínez.

Á vista, pois, do exposto e que pola intervención municipal se ten emitido o preceptivo certificado de existencia de crédito é polo que en uso das facultades que me confire o art. 21 da lei 7/1985, do 2 de abril reguladora das bases de réxime local,

ACORDO:

Primeiro: Contratar, en réxime de contratación laboral temporal baixo a modalidade contractual de substitución, art. 15 c) do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, a D. FLORINDO LEMA MARTÍNEZ como operario de limpeza viaria en substitución de D.P.M. sendo, pois, a causa da substitución a situación de incapacidade temporal da citada traballadora.

Segundo: A duración do devandito contrato, de conformidade co art. 8 do Real Decreto 2720/1998, do 18 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración determinada, será desde o día 2 de xullo de 2020 ata que se produza a extinción da causa que deu lugar a reserva do posto de traballo, isto é, a incapacidade temporal de D.P.M.

O traballador deberá de prestar os seus servizos nos días e horarios que sexan establecidos por esta Alcaldía.

Terceiro: As retribucións a percibir polo traballador serán as mesmas que lle corresponden á traballadora substituída.

Cuarto: Notificar o presente acordo ao interesado e que se lle cite para que proceda á sinatura do correspondente contrato.

Quinto: Facer público o presente decreto mediante a súa inserción no taboleiro de anuncios do Concello e a efectos meramente informativos na sede electrónica do Concello de Camariñas.



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

Camariñas, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola alcaldesa Sandra Insua Rial ante min, a secretaria, que asino aos únicos efectos de fe pública”.

Camariñas, asinado dixitalmente na data que figura a marxe pola alcaldesa D^a Sandra Insua Rial.